



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Linguaxe. Discurso e Comunicación		Código	613G03034
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalegoInglésPortugués			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso María	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es	
Profesorado	Alvarez Caccamo, Celso María Muller , Catharina	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es catharina.muller@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Introducción ao estudo da comunicación humana por medio das linguas nos seus aspectos cognitivo, pragmático e discursivo, e como práctica interaccional e social.			

Competencias da titulación				
Código	Competencias da titulación			
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.			
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.			
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.			
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.			
B3	Adquirir capacidade de autoformación.			
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.			

Resultados da aprendizaxe				
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)				Competencias da titulación
Comprender a comunicación a meio da linguaxe como capacidade e práctica humana e social, tanto no común como na sua diversidade.		A1		C6
Familiarizarse coas principais nocións sobre fenómenos da comunicación e do discurso.		A1	B1	
		A3		
Familiarizarse cos métodos e técnicas de recollida, descripción e interpretación de dados da comunicación e do discurso.			B1	
			B2	
			B3	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de busca de materiais sobre o discurso oral.			B1	

Contidos	
Temas	Subtemas
Introdución. A capacidade humana da linguaxe e a comunicación.	Algunhas propiedades da linguaxe. Retroalimentación, reflexividade, prevaricación, deslocamento... Os canais da comunicación humana: a multimodalidade.
Comunicación, información e significación.	Modelos da comunicación. Intención, interpretación e contexto. O deseño deíctico das linguas naturais. A deíxis e os seus tipos. A contextualización. Indicios de contextualización.
A interacción.	Conversa, texto, discurso. A interacción como práctica social. As metas comunicativas. Normas, regras e expectativas. A competencia comunicativa. O repertorio comunicativo. A estrutura da conversa cotiá.



A distancia social.	Participantes e papeis comunicativos. As identidades sociais. A imaxe e as formas da cortesía verbal.
Dicir e querer decir.	Significado literal e significados indirectos. Oración e proposición. A cooperación conversacional e as implicaturas. A inferencia. A relevancia. Recursos estilísticos.
Facer cousas con palabras.	Os actos de fala. Tipos de actos ilocucionarios. Os actos de fala indirectos. A convencionalización da indirección.
Xéneros e tipos de discurso.	A caracterización dos xéneros. Formalidade e informalidade. Discurso espontáneo e planificado. Aplicacións do estudo da comunicación.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / trabalho autónomo	Horas totais
Obradoiro	14	14	28
Lecturas	0	25	25
Proba mixta	2.5	20	22.5
Traballos tutelados	0	20	20
Sesión maxistral	15	0	15
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	Por "obradoiro"; enténdese a sesión interactiva fundamentalmente participativa. Pode incluir discusión aberta ou dirixida das lecturas, trabalho en grupo, debate e posta en común, resolución de problemas ou perguntas, pesquisa de material, etc.
Lecturas	Lectura e estudo obrigatorio de materiais específicos (artigos ou capítulos de libros) disponibilizado polo profesor. As lecturas deberán facerse, como será indicado, antes da sesión na cal se tratarán os seus conteúdos. Os conteúdos das lecturas entrarán nas sesións expositivas e, sobre todo, nas interactivas, onde o estudiantado deberá de mostrar o trabalho feito sobre elas e buscar aclaración dos aspectos dubidosos ou non comprendidos. Na base dalgunha das leituras deberá realizarse un informe detallado avaliábel, segundo un formato indicado polo profesor (guión, resumo, puntos destacábeis, etc.).
Proba mixta	Proba teórico-práctica sobre todo o material do curso, incluindo lecturas, sesións expositivas e interactivas, materiais audiovisuais utilizados, debates xerais, posíbeis presentacións, etc.
Traballos tutelados	Por "traballos tutelados"; enténdese aqui diversas actividades avaliábeis, algunha(s) das cais poden requerir a guía do profesor. Estas actividades realizaránse fundamentalmente fora das horas presenciais, mais non se exclue que se poda dedicar tempo das sesións interactivas para traballar nelas, individual ou colectivamente.
Sesión maxistral	Por "sesión maxistral"; enténdese a sesión de exposición polo profesor dos principais conteúdos de cada tema ou apartado. As sesións expositivas non deben ser vistas como substitución do trabalho autónomo de lectura e aprendizaxe que debe facer o estudiantado. As sesións de exposición incluen amplo espazo para a formulación de perguntas ou cuestiós específicas polo estudiantado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	A atención individualizada inclue a consulta personalizada sobre calquer aspecto ou conteúdo do curso.
Proba mixta	
Obradoiro	
Lecturas	

Avaliación

Metodoloxías	Descripción	Cualificación
--------------	-------------	---------------



Sesión maxistral	Reférese ao cómputo da asistencia obligatoria ás sesións xerais de exposición, e á formulación de preguntas específicas sobre a temática, preparada de antemán polo estudiantado.	7.5
Traballos tutelados	Reférese á avaliación de actividades avaliábeis que podan requerir a axuda do profesor. Todas as actividades deberán ser entregadas en formato electrónico cando así se indique. O profesor poderá decidir, no seu momento, se unha actividade non entregada en formato electrónico non será válida e/ou cualificada, ou o seu peso cuantitativo na avaliación. Todas as actividades deberán ser de elaboración propia e orixinal. A copia ou plaxio determinará que a actividade se considere non válida e polo tanto cualificábel com o valor de 0.	30
Proba mixta	Reférese á nota obtida na proba final obligatoria.	40
Obradoiro	Reférese ao cómputo da asistencia obligatoria ás sesións interactivas, e á participación activa nelas.	7.5
Lecturas	Reférese ao seguimento do traballo de lectura, como se mostra nas actividades interactivas das aulas. Poderá incluir a elaboración dun informe detallado dunha lectura asignada. A actividade deberá ser entregada obligatoriamente tamén en formato electrónico.	15

Observacións avaliación

- 1) A asistencia ás sesións presenciais de calquer tipo é obligatoria e avaliável.
- 2) A participación activa compútase dentro do apartado da asistencia.
- 3) Haberá duas oportunidades de avaliación. Na primeira oportunidade, as actividades entregadas fora de prazo poderán non ser aceptadas (isto é, avaliábeis con 0), e entrarán, no seu caso, no cómputo da segunda oportunidade.
- 4) Para o cálculo da nota final (e portanto para o curso poder ser completado e superado), a/o estudiante deberá obter polo menos unha nota de 4 na proba final.
- 5) Para ter superada a materia (en primeira ou segunda oportunidade) deberá obterse unha nota de 5 globalmente.
- 6) Na segunda oportunidade de xullo, no período establecido pola UDC, poderá recuperarse o exame (non efectuado, ou suspenso) e/ou o capítulo das actividades ("traballos tutelados" ou actividades referidas a "Lecturas"). O profesorado indicará no seu momento as actividades substitutivas de recuperación que deberán ser realizadas.
- 7) Dado o carácter mixto e comprehensivo da avaliación (asistencia, actividades e proba final), considerarase "Non presentado": a) non asistir á proba final en nengunha das oportunidades; E, simultáneamente, b) non ter entregado actividades por polo menos a metade da percentaxe asignada ao apartado de actividades ("traballos tutelados"). En sentido contrario, a entrega de actividades avaliábeis cuxo peso supere a metade da percentaxe do apartado (por exemplo, 2 actividades sobre 3) determinará automáticamente a asignación dunha nota final, a pesar da inasistencia á(s) proba(s).
- 8) O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica deberá porse en contacto co profesor no comezo de curso.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Dessalles, Jean-Louis (2001). "El origen político del lenguaje". <i>Mundo Científico</i> 224, pp. 35-39.- Brown, Roger, e Gilman, Albert (1995 [1960]). "Els tractaments a Europa". Em Amadeu Viana, ed. <i>Aspectes del pensament sociolingüístic europeu</i>, pp. 351-363. . Barcelona: Barcanova- Moreno Cabrera, Juan Carlos (1987). "La deixis". Em: <i>Fundamentos de sintaxis general</i>, pp. 65-77. Madrid: Síntesis- Ochs, Elinor (1998 [1979]). "La universalidad de los postulados conversacionales". Em: M. T. Julio e R. Muñoz, eds. <i>Textos clásicos de Pragmática</i>, pp. 125-144. Madrid: Arco Libros- Hockett, Charles F. (1971 [1958]). "Las propiedades generales del lenguaje". Em: <i>Curso de lingüística moderna</i>, pp. 551-566. Buenos Aires: Editorial Universitaria de Buenos Aires- Cialdini, Robert B. (2001). "Psicología de la persuasión". <i>Investigación y Ciencia</i> 295, pp. 66-71.- Brown, Roger, e Gilman, Albert (1960). "The pronouns of power and solidarity". Em: T. Sebeok, ed. <i>Style in language</i>, pp. 253-276. Cambridge, Mass.: MIT Press- Koch, Ingredore G. Villaça (1997). <i>A inter-ação pela linguagem</i>. São Paulo: Editora Contexto- Tusón Valls, Amparo (1997). <i>Análisis de la conversación</i>. Barcelona: Ariel- Brown, Gillian, e Yule, George (1993). <i>Análisis del discurso</i>. Madrid: Visor- Stubbs, Michael (1983). <i>Análisis del discurso</i>. Madrid: Alianza- Austin, John (1971). <i>Cómo hacer cosas con palabras</i>. Palabras y acciones. Buenos Aires: Paidós- Reyes, Graciela (2002). <i>El abecedario de la pragmática</i>. Madrid: Arco Libros- Escandell Vidal, Mª Victoria (2006 [1996]). <i>Introducción a la Pragmática</i>. Barcelona: Ariel. 2ª ed.- Escandell Vidal, Mª Victoria (2005). <i>La comunicación</i>. Madrid: Gredos- Reyes, Graciela (1990). <i>La Pragmática lingüística: El estudio del uso del lenguaje</i>. Barcelona: Montesinos- Calsamiglia Blancfort, Helena, e Tusón Valls, Amparo (1999). <i>Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso</i>. Barcelona: Ariel- Verschueren, Jeff (2002). <i>Para entender la Pragmática</i>. Madrid: Gredos- Levinson, Stephen (1989). <i>Pragmática</i>. Madrid: Teide- Mey, Jacob (2001). <i>Pragmatics: An introduction</i>. Oxford: Blackwell. 2ª ed.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Günthner, Susanne, e Knoblauch, Hubert (1995). "Culturally patterned speaking practices: The analysis of communicative genres". <i>Pragmatics</i> 5(1), pp. 1-32.- Grice, H. P. (1991). "Lógica y conversación". Em: L. M. Valdés Villanueva, ed. <i>La búsqueda del significado</i>, pp. 511-530. Madrid: Tecnos- Goffman, Erving (1967). "On face-work". Em: <i>Interaction ritual: Essays on face-to-face behavior</i>, pp. 5-45. New York: Anchor Books- Hurford, James, e Heasley, Brendan (1983). "Oraciones, enunciados y proposiciones". Em: <i>Curso de Semántica</i>, pp. 26-34. Madrid: Visor- Tannen, Deborah (1982). "The oral/literate continuum in discourse". Em: Deborah Tannen, ed. <i>Spoken and written language: Exploring orality and literacy</i>, pp. 1-16. Norwood, NJ: Ablex

Recomendacions	
Materias que se recomienda ter cursado previamente	
Materias que se recomienda cursar simultaneamente	
Lingua Galega e Usos/613G03045	Materias que continúan o temario
Lingüística Xeral/613G03004	Observacions

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

